

AS TRADIÇÕES CÉLTICAS DO PICO SAN VICENTE

Extractado de **XOSÉ-LOIS ARMADA PITA**: *Datos para unha arqueoloxía do culto no norte de Galicia*. Publicado en El Legado Cultural de La Iglesia Mindoniense: I Congreso Do Patrimonio Cultural Da Diocese de Mondoñedo Ferrol Universidade Da Coruña. 1999
"La 'Cama do Santo', una roca en la que dormía San Vicente", La Voz de Galicia, edición Ferrol, martes, 18-8-1998, P 30

Dentro da área aquí analizada, a igrexa de Ferreira (San Sadurniño) atópase unha imaxe de San Vicente atada con cadeas porque, segundo a crenza popular, o santo antigamente fuxía da igrexa e ía durmir a un monte próximo, o Pico Ferreira."

En Pico Ferreira poden observarse un amplo número de cazoletas ou piletas, algunhas delas naturais, pero outras con claros sinais de intervención humana.

Ó lado dunha pileta de considerable tamaño atópase un sartego antropomorfo fixo e sen tapa, no cal durmía o santo (de aí o nome de cama de San Vicente); varias cruces gravadas na rocha acompañan o conxunto. Os queixados de moi diversas doenzas acudían ó lugar e daban cinco voltas arredor do sartego, mollando a parte ferida na auga da choiva depositada na pileta; existían rituais semellantes para a curación de animais. Tamén se acendían velas nas gretas das rochas o día 25 de maio; tendo en conta as cruces gravadas en torno ó conxunto, tal vez poida porse en relación este rito co de alcender velas nas encrucilladas, denunciado xa por San Martiño de Dumio e de fondo arraigo en toda Galicia.

Tampouco debería descartarse algún tipo de vinculación coa festa dos Maios, trasladada nalgúns lugares dende o día primeiro a outros do mesmo mes; o lume goza de especial protagonismo nesta celebración, que preserva elementos moi arcaicos e cuia oincidencia temporal coa festa céltica de Beltaine non semella casual.

En Pico Ferreira probablemente estamos diante dun vello santuario onde tiveron lugar cultos ó longo dun dilatado período de tempo. O sartego pode suministrarmonos una mínima referencia cronolóxica: este tipo fixo cavado na rocha dátase nos séculos IX-X, pero elo non constitúe unha "data post quem", ou sexa, non é en absoluto significativo con relación á data de inicio dos cultos neste cumio, que ben puido ser un lugar de sacrificios en época protohistórica.

Luis Monteagudo proporciona un marco metodolóxico e contextual ó meu xuízo moi acertado para a comprensión e encadre de todo este tipo de xacementos, que o autor denomina outeiros. Son lugares que, en consonancia coa concepción do sacro como categoría espacial, foron sitios de culto ó longo de moitos séculos; unha "institución socio-relixiosa, que probablemente xurdiu na Idade do Bronce, evolucionando e ao tempo sufrindo influencias toleradas e respectadas polos romanos. Terá vixencia na romanidade serodia e aínda pódense detectar os seus ronseis fortemente cristianizados baixo o abraiante poder da igrexa medieval. Caracterización que completa unha cita de Ilídio de Araújo: "*O altarium (outeiro) era geralmente unha colina ou alto sobranceiro ao assento da vila ou casal, e escolhido para nele se erguer a ara ou altar destinado a depositar as ofrendas ás divindades protectoras dos moradores e bens da vila ou casal, e em torno do cal se celebravam os actos litúrxicos em honra das mesmas divindades*". A cristianización dun outeiro mediante a construción dunha ermida ou igrexa é un feito testemuñado en moitos outros casos no Noroeste peninsular.